

PREPOSICIÓNS

As preposicións son unha clase de palabras invariables -característica que comparten con adverbios e conxuncións- que establecen relacións entre unidades. As preposicións son átonas e forman unha soa entidade fónica coa palabra que introducen. As **locucións prepositivas** son sintagmas constituídos por unha preposición precedida doutro(s) elemento(s) que adquiren un valor unitario: *dentro de, á beira de, por riba de*.

A súa función consiste en indicar as relacións existentes entre as outras clases de palabras. A secuencia constituída por unha preposición e o elemento que subordina recibe o nome de frase ou sintagma preposicional; neste, a preposición funciona como elemento de relación ou Relator, entanto que o elemento subordinado constitúe o Termo da relación: *Novela de tema histórico* (*de tema histórico*: frase preposicional; *de*: Relator; *tema histórico*: Termo). O número das preposicións é limitado, polo que constitúen un inventario pechado. As súas formas son as seguintes:

preposicións	locucións prepositivas
a, ante, após, até/ata, baixo, canda, con, contra, de, deica, desde/dende/des, en, entre, onda, para, perante, por, segundo, sen, so(b), sobre, tras.	(á) beira de, a(o) carón de, ao lado de, a(o) par de, (ao) pé de, a rente(s) de, ao son de, á/a forza de, a poder de, a non ser, de non ser, á parte de, a prol de, a través de, acerca de, ademais de, amais de, agás de, antes de, a resultas de, arredor de, atrás de, cabo de, cara a, cerca de, co gallo de, conforme a, contra de, de par de, de resultas de, dentro de, detrás de, diante de, en canto a, en favor de, encol de, enriba de, en medio de, en vez de, en troques de, en lugar de, fóra de, fronte a, no canto de, por causa de, por culpa de, por medio de, por mor de, por riba de, tocante a, verbo de, xunto a...
Tamén funcionan como preposicións outras palabras como:	
agás, bardante, cabo, conforme, consonte, durante, excepto, fóra, malia, menos, quitando, quitado, sacando, sacado, salvante, salvo, senón, xunta.	

Algunhas formas preposicionais cando van seguidas de determinantes como o artigo definido ou indefinido, os demostrativos e algúns pronomes persoais adquiren formas especiais, resultado da crase dos dous elementos. Son as chamadas formas contractas que deben reflectirse na escrita: *do, ás, dun, na, nestes, pola, cunha, coa, dela* etc.

As preposicións teñen un significado máis ou menos determinado. Posuímos unha serie de preposicións fundamentais que atenden ás significacións básicas (*a, en, de, para, até, por, con, sen*), mentres que as demais teñen significacións máis específicas. Canto máis básica é unha preposición máis significados pode adquirir, maior pode ser a súa polisemia. O significado, por tanto, terá que ser fixado polo contexto.